

## II. TENDENCIAS DA LITERATURA GALEGA ACTUAL (I): NARRATIVA E ENSAIO

### 1. A narrativa galega nas últimas décadas

#### 1.1. 1975-1985: A consolidación da narrativa en galego

Durante o período da Transición (1975-1981), a pesar de perviviren inercias represivas (a censura só desaparece formalmente a partir de 1978), os espazos de liberdade gañados permiten un impulso xeral das publicacións en galego, a aparición de novas editoriais (Edicións do Cerne, 1979; Edicións Xerais de Galicia, 1980) e a convocatoria de diversos premios literarios: Modesto R. Figueiredo (1975), Blanco Amor (1981), Xerais de Novela (1984) etc.


Os novos escritores evolúen desde unha narrativa de técnicas realistas e preocupacións sociais ata formulacións máis complexas e diversas, que combinan construcións alegóricas cun certo experimentalismo formal (multiperspectivismo, fragmentarismo...). A literatura concíbese como medio para reflexionar sobre a identidade colectiva do país ou denunciar as súas eivas históricas, aínda que esta preocupación se irá debilitando a medida que avancen os anos 80.

#### Tendencias principais

a) **Realismo ruralista e etnográfico**, que segue explorando o imaxinario popular do medio rural galego, como na obra de Carlos G. Reigosa *Homes de Tras da Corda* (1982).

b) **Narrativa memorialista**, centrada na Guerra Civil e na inmediata posguerra. Silvio Santiago publica *O silencio redimido* (1976), Antón Alonso Ríos *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979), Ramón de Valenzuela *Era tempo de apandar* (1980) e Lueiro Rey os relatos de *O sol na crista do galo* (1982).

c) **Narrativa histórica**, que recrea determinados momentos do noso pasado. O principal cultivador é Bernárdez Vilar (*Un home de Vilameán*, 1976, sobre a revolución irmandiña; *¡Ouveade, naves de Tarsish!*, 1983; *No ano do cometa*, 1986, ambientada na época medieval), pero tamén participan desta tendencia Antón e os inocentes (1980), de Méndez Ferrín, *O triángulo inscrito na circunferencia* (1981), de Víctor F. Freixanes, *Xa vai o griffón no vento* (1984), de Alfredo Conde e *Amantia* (1984), de M.<sup>a</sup> Xosé Queizán.



**d) Realismo sociolóxico**, que intenta reflectir os conflitos da sociedade galega da época (emigración, industrialización e reconversión, crise do mundo rural etc.). Nesta liña inscríbese a novela de Xosé Fernández Ferreiro *Morrer en Castrelo de Miño* (1978) e as primeiras obras de autores como Xavier Alcalá, Xosé Vázquez Pintor, Tucho Calvo etc.

**e) Narrativa alegórico-social**, na que se inscriben, no ronsel do *Retorno a Tagen Ata* ferriniano, obras que mostran de forma alegórica a situación do pobo galego e introducen, nunha base realista, elementos fantásticos e maravillosos. Entre elas destacan *Fábula* (1980), de Xavier Alcalá; *E agora cun ceo de lama* (1981), de Paco Martín; *A vila sulagada* (1981), de Daniel Cortezón e *Beiramar* (1983), de Martínez Oca.


**f) Narrativa de xénero**, representada polas experiencias pioneiras de Fernández Ferreiro, que ensaia nestas datas o *western* (*A morte de Frank González*), a novela negra (*Corrupción e morte de Brigitte Bardot*) e a ciencia ficción (*Reportaxe cósmico*), tamén explorada por Lois Fernández Marcos co seu *Homes do espacio* (1976).

**g) Narrativa renovadora e experimental**: Certos autores crean fórmulas narrativas persoais, anovadoras e experimentais: Carlos Casares (*Xoguetes pra un tempo prohibido*, 1975); Anxo Rei Ballesteros (*Dos anxos e dos mortos*, 1977); Alfonso Pexegueiro (*Relatos para salferir*, 1981); Xoán Ignacio Taibo (*Os inmortais*, 1975; *Homes de ningures*, 1977; *A semancia*, 1981); Margarita Ledo Andión (*Mamá-Fe*, 1983; *Trasalba ou Violeta e o militar morto*, 1985); etc.

## Principais narradores/as no período da Transición

**Xavier Alcalá** (Miguelterra-Ciudad Real, 1947). Na súa evolución diferenciamos tres ciclos:

- ▶ No primeiro deles predomina o **realismo sociolóxico**. As súas obras tratan temas como a emigración galega en Madrid, a industrialización irracional do país etc. En 1980 publícase *Fábula*, a súa obra máis ambiciosa, que desenvolve unha acción dupla: o esclarecemento dun asasinato na Guerra Civil e a análise da complexa realidade política da Transición. *A nosa cinza* (1980) é a crónica iniciática dun fillo da pequena burguesía urbana nos anos cincuenta. En *Tertulia* (1985) hai unha ollada irónica e escéptica sobre Galiza.
- ▶ No segundo ciclo cultiva unha narrativa de **aventuras** ambientada en escenarios distantes e fai unha recreación da **épica da emigración**. Novelas como *Nos pagos de Huinca Loo* (1982) e *Cárcere verde* (1990) están localizadas en América Latina, fonte de paisaxes exóticas e tramas primarias rexidas polo odio, a ambición e a loita coa natureza. En *The Making of* (2018) transpórtanos á cidade




Xavier Alcalá.

arxentina de Comodoro Ribadavia nos anos 30/40 do pasado século, para intentar esclarecer o asasinato dun emigrante.


- ▶ Finalmente, no terceiro ciclo Alcalá orienta a súa escrita cara ao xénero **histórico**. Recrea distintos momentos do devir da cidade de Ferrol en *Código Morse* (1996) e *Alén da desventura* (1998), mentres que na triloxía *Evanxélica memoria* ofrece testemuño dos avatares das comunidades cristiás protestantes na Galiza ao longo dos séculos XIX e XX. En *Verde oliva* (2012) abordou a intrahistoria da revolución cubana comandada por Fidel Castro.

**Carlos Casares** (Ourense, 1941-Vigo, 2002). Aínda que as súas primeiras obras poden encadrarse na Nova Narrativa Galega, alcanza a plena madurez mediados os anos setenta. *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975) serve para sinalar o momento inaugural da narrativa posfranquista. Distinguimos na súa traxectoria dúas grandes fases:

- ▶ unha **primeira**, definida como **de renovación formal**, con obras que teñen en común estaren ambientadas na Galiza do franquismo, inclúen abundantes elementos autobiográficos e empregaren recursos narrativos de gran modernidade: *Vento ferido* (1967), conxunto de doce relatos de protagonistas adolescentes, presididos pola violencia e o pesimismo e caracterizados polo uso do monólogo interior e a mestura de planos temporais; *Cambio en tres* (1969), o texto máis experimental de Casares, coa emigración galega a Europa como pano de fondo; e *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975), novela chea de elementos autobiográficos, que recrea a través dos recordos do narrador homodixético o ambiente da posguerra franquista nunha cidade galega.
- ▶ unha **segunda etapa**, de abandono dos presupostos da Nova Narrativa e **retorno a técnicas e enfoques máis tradicionais**, está composta por obras ambientadas no pasado histórico, sen apenas presenza de elementos autobiográficos e que utilizan recursos do realismo tradicional: *Os escuros soños de Clío* (1979), conxunto de doce relatos breves, lúdicos, humorísticos e cunqueirianos, que se ambientan en diversos momentos da historia galega; a novela *Ilustrísima* (1980), que retrata a actitude dos sectores máis fundamentalistas da curia católica perante a chegada a Ourense dun cinematógrafo, na época da Restauración; a novela *Os mortos daquel verán* (1987), na que asistimos ao contraste de versións sobre a morte dun boticario durante a Guerra Civil; *Deus sentado nun sillón azul* (1996), especie de retrato novelado, non exento de trazos críticos, da traxectoria de Vicente Risco; e, finalmente, *O sol do verán* (2002), historia dun amor imposible. En 2017, coincidindo coa dedicación á súa figura do Día das Letras Galegas, foi editado *O suicidio de Jonas Björklund e outras historias*, un volume con relatos seus dispersos e/ou inéditos.



Carlos Casares.




**Alfredo Conde Cid** (Allariz, 1945). Na súa evolución literaria sinalamos unha etapa de **realismo social**, na que se inscribe a novela *Contubernio catro do Tomé S.* (1978), que analiza as contradicións sociais dunha vila mariñeira da Galiza de 1967. A comezos dos anos 80, inaugura unha **etapa renovadora**, representada por *Xa vai o griffón no vento* (1984). Nesta novela entrecruza unha historia no presente coa dun clérigo inquisidor, enviado a Compostela para perseguir o contrabando de libros protestantes. A seguir, inicia unha nova etapa caracterizada pola vacilación de temáticas e intencionalidades (*Música sacra, Sempre me matan, O fácil que é matar...*), para abeirar finalmente na **novela histórica**: *Azul cobalto* (2001), sobre o marqués de Sargadelos; *Romasanta. Memorias incertas do home lobo* (2004), que aborda un famoso caso de licantropía no Ourense do século XIX xa estudado por Risco; *Lukumí* (2006), que se centra na historia de Cuba; *María das batallas* (2008), protagonizada pola heroína coruñesa María Pita; etc. Abeirada ao xénero policíaco aparece en 2014 *Chovida do ceo*, mentres que a novela *Un vento que pasa* (2019) está protagonizada por un avogado que sofre un infarto e ten que encarar a evidencia da finitude.



Alfredo Conde.


**Xosé Fernández Ferreiro** (Nogueira de Ramuín, 1931-A Coruña, 2015). Membro do grupo Brais Pinto, tentou sempre ampliar o círculo de lectores en galego cunha escrita sinxela e directa, adaptada aos códigos da literatura de masas. Así, a súa primeira novela é un *western*, *A morte de Frank González* (1975). Cultiva tamén a ciencia ficción en *Reportaxe cósmico* (1982), a novela negra en *Corrupción e morte de Brigitte Bardot* (1981); a novela psicolóxica de ambiente urbano en *A fraga dos paxaros salvaxes* (1985) e a narrativa de terror en *Co medo nas mans* (1997).



Xosé Fernández Ferreiro.

Próximos ás tendencias xerais da narrativa do posfranquismo están libros seus como *Morrer en Castrelo de Miño* (1978), unha alegación contra a política depredadora das compañías hidroeléctricas, e *A saga dun afiador* (1980), movida pola lembranza dun oficio e un modo de vida en proceso de desaparición. Esta literatura crítica e nostálgica ten continuación en *A ceo aberto* (1981) e mais en *A cidade das chuvias* (1994). Entremedias, publica a brutal e onírica *O minotauro* (1989) e *Agosto do 36* (Premio Xerais, 1991), unha historia sinxela e cruel, de enorme efectividade comunicativa, ambientada nos comezos da Guerra Civil. *O atentado* (1999) e *Os últimos fuxidos* (2004) sitúanse novamente na época da guerra e da represión fascista ou da posguerra, como acontece tamén en *Tempo de centeo* (2009). Postumamente publicouse *Ulcis* (2020), no que debuxa un universo mítico e surrealista cargado de violencia e escuridade.

**Víctor F. Freixanes** (Pontevedra, 1951). Actual presidente da Real Academia Galega, en 1981 publica *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), Premio Blanco Amor. Freixanes elabora unha reprodución alegórica de Galiza, nunha dimensión a cabalo entre a realidade e o mito, e plasma o modelo narrativo que seguirán as súas restantes obras: barroquismo estilístico, reinterpretación da historia, entrecruzamento do épico e do mítico e organización das tramas narrativas en torno á loita apocalíptica entre o Ben e o Mal. Estes elementos reaparecen en *O enxoval da noiva* (1988), localizada na Roma dos Borxia (s. XVI), e *A cidade dos Césares* (1993), epopea da colonización da Patagonia por emigrantes galegos a finais do s. XVIII. Logo dun prolongado silencio, reapareceu con *Cabalo de ouros* (2010), novela que retrata o sórdido e pechado ambiente da Galiza de posguerra por medio dun grupo de personaxes que conflúen nunha tensa partida de cartas.



Vítor F. Freixanes.

**Paco Martín** (Recatelo, Lugo, 1940) toma como punto de partida o imaxinario popular e as elaboracións literarias de Cunqueiro e Fole, actualizadas a través do realismo máxico latinoamericano, ás que achega unha compoñente social e alegórica. Destaca polas súas narracións curtas, que están recollidas en volumes como *Tres historias para ler á noite* (1992), onde se aventura polos camiños do relato de misterio e terror, e *Auga para encher un cesto* (2002), composto por oito relatos sobre adolescencia e inmigración. Alcanzou amplo recoñecemento como autor de literatura infantil e xuvenil con *Das cousas de Ramón Lamote* (1985).



Paco Martín.

**Xosé M. Martínez Oca** (A Estrada, 1942) dáse a coñecer en 1976 a través do premio Modesto R. Figueiredo. Ten unha extensa traxectoria na que destaca a novela *Beiramar* (1983), Premio Blanco Amor. Nela mestura elementos alegóricos e análises sociolóxicas, coa reconversión naval dos anos 80 como contexto. En *O vicio nefando* (2009) retrata con causticidade o mundo editorial galego e en novelas como *Todo o peso do ceo* (1997) e *O tempo en ningunha parte* (2003) recrea episodios ambientados na guerra do 36.

**Anxo Rei Ballesteros** (Boqueixón, 1952-A Coruña, 2008) é autor dunha obra breve, pero que influíu notabelmente no cambio de rumbo que a narrativa galega emprendeu no posfranquismo. En 1977 publica *Dos anxos e dos mortos*, novela experimental que sintoniza coa Nova Narrativa, caracterizada pola pluralidade de voces e o fragmentarismo empregados para narrar as vivencias dunha xeración de universitarios composteláns abafados no desengano vital e a falta de expectativas. Eses mesmos personaxes dez anos despois protagonizan a novela *Loaira* (1992). En *Non sei cando nos veremos* (2005) evócanse a Compostela do antifranquismo e a feroz represión fascista dos militares na Arxentina nos anos 70.



Xosé M. Martínez Oca.

A carón dos autores e autoras citados, podemos situar outros como **Xoán Bernárdez Vilar**, **Tucho Calvo**, **Lois Diéguez**, **Úrsula Heinze**, **Margarita Ledo Andión**, **Carlos G. Reigosa**, **Xoán M. Casado**, **Xesús Rábade**, **Xoán Ignacio Taibo**, **Marina Mayoral**, **Antón Risco** e **Helena Villar Janeiro**.

## 1.2. A narrativa nas últimas décadas (1985-comezos do século XXI)

### Panorama xeral e principais tendencias

A partir de 1985, a narrativa despraza a poesía como xénero hexemónico nas letras galegas. Esta nova etapa caracterízase polos seguintes fenómenos:

- ▶ a **definitiva consolidación** e a **enorme diversificación temática da narrativa**;
- ▶ o medre no número de obras publicadas, tanto de novelas como de relatos.
- ▶ a fundación de novas editoras (Sotelo Blanco, A Nosa Terra, Baía, Positivas, Ir Indo, Do Cumio, Laiovento, Espiral Maior etc.);
- ▶ a consolidación dos premios literarios, que constitúen un importante estímulo á escrita: o Merlín de Literatura Infantil, instaurado por Xerais en 1986; o García Barros (1989); o Café Dublín de Narrativa Curta (1994) e o Premio Eixo Atlántico (1997).
- ▶ o **extraordinario desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil galega**, con numerosas voces recoñecidas mesmo a nivel internacional como Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Paco Martín, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey, Ramón Caride Ogando e un longo etcétera. Neste pulo xoga un papel determinante a introdución do galego no ensino;
- ▶ a proliferación dos experimentos xenéricos con relativo éxito comercial como a narrativa erótica, policial etc.

Dentro dese panorama cada vez máis abundante en títulos e autores/as cabe distinguir o cultivo de diversas tendencias, entre as que sinalaremos as seguintes:

#### a) **Narrativa de xénero**, na que englobamos

- a **ficción científica, futurista e/ou distópica** de autores como Ramón Caride (*Soños eléctricos*; *Escáner*), Bernárdez Vilar (*Big-Bang*), Manuel Seixas (*Bailarina*), Arturo Lezcano (*Os dados de*



Margarita Ledo Andión.



Fina Casalderrey.

*Deus*), Marilar Aleixandre (*Tránsito dos gramáticos*), Tucho Calvo (*Telúrico*), Isidro Novo (*Un escuro rumor tralo silencio*), Mariña Pérez Rei (*Canícula*), Antón Lopo (*Obediencia*), María Reimón-dez (*O caderno de bitácora*), Santiago Lopo (*Game over*), Manuel Lourenzo González (*ATL*) ou Daniel Asorey (*Nordeste*);

- **a narrativa erótica**, cultivada por Bieito Iglesias (*Aventura en Nassau; Vento de seda; O mellor francés de Barcelona*), César Cunqueiro (*Beatum corpus*), Xulio L. Valcárcel (*Anel de mel*), Isidro Novo (*Rosa lenta*), Manuel Lourenzo González (*Infidelidades*) ou Iolanda Zúñiga (*Noites de safari*, publicado co pseudónimo “Marleen Malone”);
- **a novela sentimental**, con Ramiro Fonte (*Catro novelas sentimentais*), Suárez Abel (*Sabor a ti*), Xosé Ramón Pena (*O reverso do espello; Para despois do adeus; Paixóns privadas; Fado de princesa; En tempo de desconto*), Luís Rei Núñez (*Toda a vida*), Marica Campo (*Memoria para Xoana*), Manuel Lourenzo (*O xardín das pedras flotantes*), Miguel Sande (*Se algún día esta muller morta*) e Manuel Veiga (*Lois e Helena buscándose un día de tormenta, Todo ser humano é un río*);
- **a novela de misterio e terror**, con Suso de Toro (*Trece badaladas*), Xosé Miranda (*A biblioteca da iguana; Vestio; Pel de lobo*), Xesús Valcárcel (*Contos nocturnos; O capitán Lobo Negro*), Paco Martín (*Historias para ler de noite*), Paula Carballeira (*O lobishome de Candeán*), Ramón Caride (*Dedre*), Uxía Casal (*Vidas exemplares*) e Isidro Novo (*Sinistra deixa*).
- **o western** en galego, cultivado por Carlos G. Reigosa (*Os outros disparos de Billy*) e Issy New (=Isidro Novo: *Por unha presa de machacantes*);
- **a novela de piratas**, como *A estraña estrela*, de Xabier López; *Morning Star*, de Xosé Miranda, que sitúa a acción no tempo do pirata pontevedrés Benito Soto e a súa Burla Negra; *Monbars o exterminador*, de Hixinio Puentes, ou *Pirata*, de María Reimón-dez, que aborda o clásico tema desde unha perspectiva feminista e transgresora.
- **a novela policial e detectivesca**, o xénero que alcanza, sen dúbida, unha maior difusión nesta época. Iníciase Carlos Reigosa con *Crime en Compostela* (1984) —á que seguirán *O misterio do barco perdido, A guerra do tabaco* e *Narcos*— e será continuado por Román Raña (*O crime da rúa da Moeda Vella*) e Manuel Forcadela (*Barato, barato; Sangue sobre a neve; Fóra de xogo*), An Alfaya (*Matei un home*), Bieito Iglesias (*Miss Ourense*), Diego Ameixeiras



Iolanda Zúñiga.




Xosé Miranda.

(*Baixo mínimos; O cidadán do mes; Asasinato no Consello Nacional; Dime algo sucio; Todo OK; A noite enriba; O cervo e a sombra*), Domingo Tabuyo (*Carne sueca*), García López (*Pegadas nun labirinto baleiro*), Domingo Villar (*Ollos de auga; A praia dos afogados*), Xurxo Sierra (*Os nomes do traidor*), Manuel Gago (*O anxo negro*); Manuel Esteban (*A ira dos mansos*), Xosé Monteagudo (*As voces da noticia*); etc.

- **a novela negra** permitiu introducir notas de costumismo urbano, crítica social e incluso certo experimentalismo expresivo e a ela adscribíense obras de Suso de Toro (*Ambulancia*), Suárez Abel (*Turbo*), Roque Morteiro (=Xelís de Toro: *Seis cordas e un corazón*), Xosé Ballesteros (*Talego*), Aníbal C. Malvar (*Un home que xaceu aquí; A man dereita; Unha noite con Carla; Á de mosca*), Xurxo Borrazás (*Criminal*), Xoán Ramón Díaz (*A xeada negra; Chuvia mansa*), Xosé Miranda (*A tres bandas*), Ramón Caride (*Crónica de sucesos, Sarou*), Miguel Anxo Fernández (*Un nicho para Marilyn; Luar no inferno; Capitol, última sesión; O espido de Gina; Lume de cobiza; Bícame, Frank; Blues para Moraima; Un dente sen cadáver*), Luís García Mañá (*Menino morreu*), Francisco A. Vidal (*Os pecados capitais*), María López Sández (*O faro escuro*), etc.

**b) Narrativa humorística:** A miúdo o humor mestúrase con outros elementos xenéricos e permite unha fina crítica social e de costumes. Dentro desta categoría cabe incluír obras de Joel R. Gómez (*Quando o sol arde na noite*), Xosé Cermeño (*Os nervios da cabeza*), Xosé L. Martínez Pereiro (*Amálgama de desquiciados; A embaixada do vinagre; Breviario de calamidades; Novas tendencias da vida mansa; A verdade como mal menor*), Gonzalo Navaza (*Erros e Tánatos*) etc. En autores como Bieito Iglesias (*Amor e música lixeira; A vida apoteósica; Pan e coitelo*), Alfonso Álvarez Cáccamo (*Xente de mala morte; As baleas de Eduardo Reinoso; O espírito de Broustenac; Contos mamíferos*) e Xabier López López (*Biff, Bang, Pow!, O mono no espello; Trinta e dous dentes*), convértese en elemento definidor do seu mundo narrativo. Tamén podemos incluír neste apartado a Héctor Carré con *Diario do impostor*, Roque Cameselle con *Bieito dubidoso* ou Manuel Núñez Singala con *Menú de enganos* e *Instruccións para tomar café*;

**c) Novela histórica:** Podemos adscribir aquí algunhas obras de Rába-de Paredes (*Branca de Loboso; As sombras do Barroco*), Darío Xohán Cabana (*Morte de Rei*), María Gándara (*Magog*), Xoán Ignacio Taibo (*Por tras dos meus ollos*), Miguel Anxo Fernández (*O sabre do francés*), Xabier Iglesias (*O soño do falcón*), David Pérez Iglesias (*Cando veña a noite*), Xavier Queipo (*O paso do Noroeste*, ambientada nos



Miguel Anxo Fernández.



Xosé L. Martínez Pereiro.

prolegómenos da Revolución Francesa), Ramón Caride (*O frío azul*), Adolfo Caamaño (*Matar o heroe*, ambientada na 1ª Guerra Mundial), Santiago Lopo (*A arte de trobar*) e Ramón Nicolás (*O espello do mundo*, que recrea a vida nun cenobio feminino no século XII). Elementos históricos con outros fantásticos ou de aventuras encontrámoslos en Xosé R. Pena (*A batalla do paraíso triste*, ambientada no Portugal do salazarismo) ou Carlos G. Reigosa (*Pepa a Loba*, sobre a célebre bandida galega). Sobre a guerra na antiga Xugoslavia xiran varios relatos de *Ruído*, de Miguel Anxo Murado, autor así mesmo de *Mércores de cinza* e *Memoria de derribos*.

Nos primeiros compases do século XXI, a narrativa de corte histórico coñece un instante especialmente fértil, con obras como *Protoevanxeo do neto de Herodes*, de Bernardino Graña, reinterpretación da historia sagrada que coloca a María no centro da actividade conspirativa xudía contra o ocupante romano; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro, ambientada na Compostela inquisitorial do século XVII; *Settecento*, do mesmo autor, que ficciona a vida do músico Vivaldi; *Renacer*, de Xabier Paz, protagonizada pola filla do polémico escritor veneciano Aretino; *As fiandeiras*, de Antonio Piñeiro, retrato do incipiente proletariado feminino do sector téxtil galego no século XIX; *A noite branca*, de Fernández Naval, inspirada na participación de soldados galegos na División Azul hitleriana; *Lourenço xograr*, de Manuel Portas; etc. Na mesma categoría cabe amentar algunhas novelas de Hixinio Puentes (*O bandido Casanova*; *Aguillóns de Ortegal*; *A do vinte e un*; *Winnipeg*), Rosa Aneiros (*Resistencia*) e Xosé R. Pena (*Como en Alxeria*).

**d) Narrativa memorialística sobre o 36.** O tema da guerra civil aparece nas novelas *Scórpio*, de Carballo Calero, *O cego de Pumarredón*, de Francisco F. del Riego e *Esmoriz*, de Aníbal Otero, que viviron en carne propia ese horror. Será tamén visitado por autores de xeracións máis recentes como Manuel Guede en *Visperas de Claudia*, Fernández Naval en *O bosque das antas*, M.<sup>a</sup> Xosé Queizán en *Amor de tango*, Fernández Ferreiro en *Agosto do 36* e *Os últimos fuxidos*, Casares en *Os mortos daquel verán* e Manuel Rivas en *O lapis do carpinteiro*. A conmemoración en 2006 do chamado Ano da Memoria, por volta do 70 aniversario da **Guerra Civil**, serviu de estímulo para unha eclosión de obras narrativas que abordan esa trágica etapa, sumándose ás escritas sobre o tema con anterioridade: *Home sen nome*, de Suso de Toro; a triloxía *Evanxélica memoria*, de Xavier Alcalá; *Pensa nao* e *Iria*, de Anxo Angueira; *As rulas de Bakunín* e *Laura no deserto*, de Riveiro Coello; *O exiliado e a primavera*, de Manuel Veiga; *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas; *¡Sentinela, alerta!*, de M.<sup>a</sup> Xosé Queizán; *Atuado na braña*, *Era por setembro*,



Carlos G. Reigosa.



Francisco X. Fernández Naval.

*O cabo do mundo, Se buscabas un Deus, Izan o da saca e Zapatillas rotas*, de Xabier Quiroga; *Polos fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarrille; *Cardume*, de Rexina Vega; *Xullo-Agosto*, de Riveiro Loureiro; *Seique*, de Susana S. Aríns, etc.


**e) Narrativa fantástica e marabillosa:** O modelo de Cunqueiro e a tradición artúrica e cabaleiresca inflúen na produción de Méndez Ferrín (*Amor de Artur*), Darío Xohán Cabana (*Libro dos moradores, Fortunato de Trasmundi, Galván en Saor*), Xosé Miranda (*Historia dun paraugas azul*), Carlos G. Reigosa (*Xentiario*), Montero Santalha (*Oxalá voltassem tempos idos!*), Ramón Loureiro (*As galeras de Normandía; Morgado*), Miguel A. Mato Fondo (*Xope de Lilaina*), Marica Campo (*Confesión e morte de María Balteira*), Riveiro Coello (*Animalia*) ou Alfonso Álvarez Cáccamo (*O bosque de levas*). Con afán desmitificador e crítico está presente en *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño, autora tamén de *Circe ou o pracer do azul*.

**f) Narrativa lírica**, caracterizada por un tratamento poético da linguaxe que explora os seus valores connotativos arredor de argumentos cheos de sentimentalidade. Axústanse a este perfil obras de Anxo Angueira (*Bágoas nas illas; Morte de A.*), Ramiro Fonte (*Os leopardos da lúa*), Manuel Forcadela (*Paisaxe con muller e barco*), Fernández Naval (*Unha cita co aire; Alma e o mar*) e Xavier Lorenzo Tomé (*O paxaro que canta un nome*).

**g) Narrativa de evocación**, representada pola triloxía *Vidas de infancia*, de Ramiro Fonte (composta por *Os meus ollos, Os ollos da ponte e As pontes no ceo*) ou pola novela *Solimán*, de Xesús Fraga. Especial relevancia teñen dentro desta tendencia obras que evocan o mundo rural tradicional galego en transo de desaparición (*O paxaro que ninguén ve e Soñaron buratos na terra*, de José Luís Sucasas; *Eu tamén fun coas vacas, O coxo de Vilarelle, Amigos sempre, Os bicos de Tina*, de Afonso Eiré; *Fisteus era un mundo*, de Lupe Gómez; *Un rabaño de ovellas brancas*, de Xerardo Quintiá) ou que se debuzan sobre o pasado das comunidades costeiras (*O patrón*, de Riveiro Loureiro; *Salseiros*, de Calo Lourido; *Terranova*, de Mario Franco; *Os ausentes de Casteltón*, de Jacobo Barros). O Ourense dos tempos do franquismo é retratado con ironía por Bieito Iglesias en moitos dos seus *Contos da terra da tarde*. A Compostela universitaria de finais do século XX dá pretexto para varias novelas de Antonio Piñeiro (*Trávelin; Celada; A identidade fascinada*) e de Mario Regueira (*Rebelión no inverno; L'affiche rouge*), mentres o mundo da mocidade enganchada nas drogas aparece en *Futuro imperfecto*, de Xulia Alonso, *Xeración perdida*, de Francisco Castro ou *Golpes de luz*, de Leticia Costas. A peripecia migratoria europea protagonizada



Begoña Caamaño.



por galegos durante a segunda metade do século XX é tratada en *Virtudes (e misterios)*, de Xesús Fraga ou *A Veiga era un tempo distinto*, de Eva Moreda, en tanto os dramas dos emigrantes no Mediterráneo e das persoas que foxen das guerras do Oriente Próximo inspiraron os *Camiños na auga*, de Núñez Singala e *O paraíso dos inocentes*, de Riveiro Coello. Diferentes aspectos dun pasado definitivamente arrombado aparecen tamén en *Capitol, última sesión*, de Miguel Anxo Fernández; *Esta historia* e mais *Todo canto fomos*, de Xosé Monteagudo; *Un autobús camiño da cidade*, de Robustiano Rodríguez; os relatos de *Casas baratas*, de Riveiro Coello etc.

**h) Narrativa urbana e experimental.** Nestas coordenadas móven-se unha serie de autores caracterizados pola experimentación formal e a exploración de mundos narrativos infrecuentes nas nosas letras, influídos en maior ou menor grao por tendencias contraculturais e posmodernas. **Suso de Toro**, con *Caixón desastre* e *Polaroid*, iniciou o camiño polo que despois transitaron **Xosé Cid Cabido** coa súa prosa “evidencialista” (*O intercepto*; *Foumán*; *Días contados*; *Panificadora*; *Oralmente pola boca*; *Grupo abeliano*; *Fálame sempre*; *Blúmsdei*; *Unha historia que non vou contar*; *Tres pintores*), **Xelís de Toro** (*Non hai misericordia*; *Terminal*; *Os saltimbanquis no paraíso*; *Riofero*), **Xurxo Borrazás** (*Eu é*; *Contos malvados*; *Na maleta*; *Cabeza de chorlito*) ou, xa entrado o novo milenio, Yolanda Zúñiga cos relatos do seu *Vidas post-it* (2007).

En conexión con estas formulacións aparece a autodenominada *literatura bravú*, fundada por **Xurxo Souto** (*Tres trebóns*; *A tralla e a arroutada*; *Fumareu*, *Contos da Coruña*, *O retorno dos homes mariños*) e **Santiago Jaureguizar** (*Breve crónica universal da clase obreira*; *Freedom Spik*; *Casa Skylab*; *Estación Mir*; *Cabaret Voltaire* e *O globo de Shakespeare*), á que se poden engadir, por coincidir en certa medida tocante a actitudes, estilo, temática e afán de novidade ou transgresión, as obras narrativas de **Camilo Franco** (*A Lúa no cénit e outros relatos*; *En malos pasos*; *Por conto alleo* e *Palabras contadas*), **Antón Lopo** (*Ganga*), **Manuel Darriba** (*Paf Xarope*; *Branco*; *O bosque é grande e profundo*), **Fran Alonso** (*Trailer*; *Cemiterio de elefantes*; *Males de cabeza*; *Cartas de amor*; *Ninguén*), Alberto Lema (*Unha pura percorre Europa*, *Sidecar*) ou **Ramón Vilar Landeira** (*Os televisores estrábicos*, *Un peixe no parque*).

Nos últimos tempos os autores que semellan ter arriscado máis coas súas propostas no experimentalismo, tanto temático como formal e estilístico, son o Samuel Solleiro dos relatos que compoñen *dz ou o libro do esperma* e mais *Gran tiburón branco*; o Xurxo Borrazás de *Ser ou non*, *Costa Norte/ZFK* e *Covalladas*; o Pacho Blanco de *A choiva do mundo* ou o Antón Dobao dos trece relatos de *Incertos*.



Xurxo Borrazás.



Xurxo Souto.

**h) Narrativa sociolingüística.** Nos primeiros compases do século XXI explóranse narrativamente certas vertentes do **conflicto idiomático** en que vive inmersa a sociedade galega (*O profesor de vegliota*, de Manuel Veiga; *Made in Galiza*, de Séchu Sende; o volume colectivo *Longa lingua* etc.) e aínda outros países europeos con linguas minorizadas (*Crónica còrnica*, de Francisco Coimbra).

## Principais narradoras e narradores no cambio de século

**Marilar Aleixandre** (Madrid, 1947). Incorporada á literatura galega de forma serodia como autora de narrativa infanto-xuvenil, á que achegou *A expedición do Pacífico* (1994), *A banda sen futuro* (1999), *Rúa carbón* (2005) e *A cabeza de Medusa* (2008), é autora do libro de relatos *Lobos nas illas* (1996) e de novelas como *A compañía clandestina da contrapublicidade* (1997) e *Teoría do caos*, pola que recibiu o Premio Xerais en 2001. En 2010 apareceu *O coitelo en novembro* e no 2021 *As malas mulleres*, que se mergulla na sociedade coruñesa da segunda metade do século XIX a través de tres protagonistas femininas: Juana de Vega, Concepción Arenal e a moza Sisca, de 15 anos, recluída nun cárcere para mulleres acusada de infanticidio.



Marilar Aleixandre.

**Darío Xohán Cabana** (Roás–Lugo, 1952–2021). As constantes do seu mundo narrativo, plasmadas en obras como *Galván en Saor* (1989) e *Fortunato de Trasmundi* (1990), son a poeticidade estilística, a sinxeleza construtiva, a actualización do realismo máxico cunqueiriano e a reutilización de materiais da narrativa artúrica e da mitoloxía popular. As súas últimas novelas pretenden unha interpretación ideolóxica da historia nacional. *O cervo na torre* (Premio Xerais, 1994) enmárcase no xénero da política-ficción, nunha futura revolución galega. *Morte de Rei* (1996) é unha novela histórica modélica, protagonizada polo último monarca galego, Don García, que desde a cadea rememora a súa triste traxectoria, paralela á perda do reino.



Darío Xohán Cabana.

**Marica Campo** (Val do Mao, O Incio, 1948). Escribiu os relatos de *Confusión e morte de María Balteira* (1996), a novela *Memoria para Xoana* (2002), en que unha música embarazada escribe a historia das súas devanceiras para que a súa futura filla coñeza o longo camiño de dor, sacrificio e loita que hai detrás do dereito á igualdade que como muller dos nosos días deberá poder gozar; e *Onde houbo lume* (2010), novela protagonizada por un xubilado e unha moza xornalista.




Marica Campo.

**Ramón Caride Ogando** (Cea, 1957) é un dos máis relevantes cultivadores do relato contemporáneo, con volumes como *Os ollos da noite* (1990), *Crónicas de sucesos* (1991), *Lumefrío* (1994), *Fendas no tempo* (1995), *A incerteza dos paraísos* (2000), *Negros espellos* (2001), *Escáner* (2002), *Boca da noite* (2003), *Dedre* (2004), *Flash-back* (2014) e *Liquidación de existencias* (2016), nos que explora todo tipo de personaxes, ambientes e enfoques (misterio, terror, intriga, ficción científica, historia...). Escribiu, ademais, varias novelas: *Soños eléctricos* (1992), de ficción científica; *Sarou* (1997), ambientada no mundo do narcotráfico; a novela de misterio *O sangue dos camiños* (2003) e, por último, *O frío azul* (2008), ambientada no século XVI.



Ramón Caride Ogando.

**Agustín Fernández Paz** (Vilalba, 1947-Vigo, 2016) é o autor máis destacado e prolífico da literatura infantil e xuvenil galega. Moitas das súas obras foron traducidas a outras linguas e acadaron numerosos premios, tanto de ámbito galego como internacional (o Merlín, o Lazarillo, o Rañolas ou o Raíña Lupa, entre outros). Entre os seus máis de medio cento de títulos publicados podemos destacar *As flores radioactivas* (1990), *Contos por palabras* (1991), *Cartas de inverno* (1995), *Noite de voraces sombras* (2002), *Corredores de sombra* (2006), *O único que queda é o amor* (2007), *Valados* (2009) ou *Fantasmas de luz* (2011). En 2011, con *Non hai noite tan longa*, revelou-se como un poderoso narrador tamén para as persoas adultas. *O rastro que deixamos* (2012) e *A viaxe de Gagarin* (2014) recibiron diversos galardóns. A primeira está entre o xénero narrativo e o ensaístico, mentres que na última atopamos unha historia de formación, amor e memoria na que o protagonista evoca a súa infancia e mocidade vividas nos anos 60 e 70, nun tempo de loita contra a ditadura franquista.



Agustín Fernández Paz.

**Luis Rei Núñez** (A Coruña, 1958) comezou a súa carreira narrativa con *A rota dos adeuses* (1989). A costa e o mar teñen un grande protagonismo en novelas como *A estrela dos polisóns* (2003), *O corvo do chapapote* (2003) –sobre a catástrofe ecolóxica provocada polo “Prestige”– e *Cita en Fisterra* (2011). En *Expediente Artieda* (2000) reconstrúe a historia da resistencia urbana antifranquista. A etapa de posguerra é tamén o marco ambiental da novela sentimental *Toda a vida* (2005) e mais de *O señor Lugrís e a negra sombra* (2007), en que recrea a vida do pintor surrealista Urbano Lugrís e dos seus compañeiros de exilio interior. Coa longa e magnífica novela *Monte Louro* (2009) obtivo o Premio Blanco Amor. As súas novelas *O encargo do señor Castelao* (2016) e *Matarán a Reboiras* (2022) representan unha orixinal achega dentro do subxénero histórico e combinan elementos fidedignos con outros puramente ficcionais.



Luis Rei Núñez

**Manuel Rivas** (A Coruña, 1957) é na actualidade o escritor galego con maior proxección editorial e mediática. Incorpórase á narrativa con *Todo ben* (1985), que xira arredor do mundo do fútbol. O éxito chegaríalle axiña con *Un millón de vacas* (1990), un libro de contos que demostra un inusual dominio da técnica e unha sabia combinación de humor e lirismo. Estes elementos, constantes no resto da súa obra, están ao servizo dunha visión de Galiza irónica e amábel, tinxida de humanismo e sagaz para captar as situacións chocantes da vida diaria. Rivas combina novamente estes elementos nos seguintes libros: *¿Que me queres, amor?* (1995); *Ela, maldita alma* (1999); *A man dos paños* (2000) e *As chamadas perdidas* (2002). A súa primeira incursión novelesca é *Os comedores de patacas* (1991). Nela consolídase a concepción de Galiza como un espazo de síntese –en ocasións conflitiva e esperpéntica– entre o rural e o urbano, que dá lugar a unha mentalidade e uns comportamentos singulares. *En salvaxe compañía* (1993) incorpora o mítico popular mediante os diálogos entre animais e a mitoloxía culta nas referencias celtistas e medievais. *O lapis do carpinteiro* (1998), que foi levada ao cinema por Antón Reixa, recrea unha historia de amor ambientada na Guerra Civil e na inmediata posguerra. Rivas publica despois o moi premiado *Os libros arden mal* (2006), unha novela complexa con fasquía de *thriller* que envolve toda unha reflexión sobre os distintos valores que o concepto cultura esperta nos diversos segmentos e sectores da sociedade herculina ao longo de século e medio, coa trágica desfeita da Guerra Civil e a represión posterior como instante de máxima intensidade. En 2010 aparece a novela *Todo é silencio*, cuxo argumento xira arredor dun capo contrabandista. En 2012, obtén novamente un éxito de crítica e público con *As voces baixas*, un libro con elementos autobiográficos traspasado por unha enorme tenrura. De 2015 é *O último día de Terranova*, novela que, tomando como fío condutor os derradeiros días de existencia dunha librería, encerra unha reflexión crítica sobre a evolución da nosa sociedade. En 2011 reuniu toda a súa obra contística no volume *O máis estraño* e en 2018 editou *Vivir sen permiso e outras historias de Oeste*, que recolle historia relacionadas co mundo do cárcere e do narcotráfico.

**Suso de Toro** (Santiago, 1956) é autor dunha obra de especial importancia na configuración do discurso narrativo galego nos anos 90. A súa proposta estética, extraordinariamente ambiciosa do punto de vista lingüístico, técnico e temático, serviu de modelo a distintas liñas da narrativa finisecular, desde o realismo sucio á novela experimentalista. En *Caixón desastre* (1983) e *Polaroid* (1986), libros fragmentarios de estampas inconexas e transgresoras, senta as bases dun mundo literario caracterizado pola aproximación aos personaxes marxinais, a procura do literario na cotidianeidade urbana, unha ironía corrosiva perante os discursos de poder e a apertura ás novas linguaxes audiovisuais.



Manuel Rivas.



En 1988 edita *Land Rover*, unha novela breve, de lectura complexa e final trágico, con dous planos de acción narrados paralelamente. Con *Tic-tac* (1993) entrega un texto con aspiracións de totalidade, caótico, que fai estoupar calquera horizonte de expectativas do lector. No ronsel deste estilo inspirado no “collage” aparecerá *Círculo* (1998).


Adopta a seguir unha escrita máis convencional, centrada na exploración de personaxes femininas á procura da súa identidade con obras como *Conta saldada* (1996), *Calzados Lola* (Premio Blanco Amor 1997) e *Non volvas* (2000). En 2002 aparecerá *Trece badaladas*, novela gótica e de suspense. *Home sen nome* (2005) é unha tensa e dura novela. Nela un vello hospitalizado rememora a súa participación nas brutalidades da represión franquista. En 2009 publica *Sete palabras*, novela de misterio e investigación na que o protagonista procura os seus antecedentes familiares. Aínda que o autor chegou a anunciar en 2010 que abandonaba definitivamente a escrita creativa, felizmente para as letras galegas reapareceu en 2014 con *Sonámbulos*, á que seguiu en 2018 a novela introspectiva *Fóra de si*, protagonizada por un neurocirurxián que atravesa un delicado momento na súa vida. En 2020, retomando a técnica documentalista e metaliteraria empregada en *Sete palabras*, apareceu a ambiciosa novela *Un señor elegante*, centrada na biografía do médico antifranquista Ramón Baltar.

**Xavier Queipo** (Compostela, 1957), biólogo, funcionario en Bruxelas e columnista na prensa, presenta unha ampla produción narrativa na que destacan trazos como o afán de experimentación estilística, a variedade argumental, a presenza da ciencia e a exploración de latitudes e xeografías distantes da galega. Entre os seus títulos pódense destacar o libro de relatos *Ártico e outros mares* (1990, ampliado en 2011 como *Ártico 2.0*); *Diarios dun nómada* (1993), *Ringside* (1993, relatos), a novela *O paso do Noroeste* (1996), *Malaria sentimental* (1999), *O ladrón de esperma* (2001, relatos), *Papaventos* (2001), *Os ciclos do bambú* (2004, relatos), *Dragona* (2007), *Cartas marcadas* (2010), *Extramunde* (2011) –centrada nunha revolta de condenados pola Inquisición que viaxan nun barco rumbo ao Novo Mundo no século XVI–, *55* (2014), *Os kowa* (2016), *Corazón de manteiga* (2020), *Final feliz* (2022) e *Algoritmos* (2022).

Aínda cabería citar no panorama desta etapa finisecular da narrativa galega outros autores a autoras como **Xosé Vázquez Pintor**, **Miguel Anxo Fernández**, **Bieito Iglesias**, **Manuel Lourenzo González**, **Xosé Carlos Caneiro**, **Aníbal C. Malvar**, **Xabier Manteiga**, **Xosé Miranda**, **Miguel Anxo Murado**, **Gonzalo Navaza**, **Isidro Novo**, **Xosé Ramón Pena**, **Antonio Piñeiro**, **Xerardo Agrafoxo**, **Antón Dobao**, **Manuel Seixas**, **Miguel Suárez Abel**, **Manuel Veiga**, **Xosé Ricardo Losada** etc.



Suso de Toro.



Xavier Queipo.



Aníbal C. Malvar.

### 1.3. A narrativa galega nos primeiros compases do século XXI

De maneira provisoria, indicamos algunhas tendencias e fenómenos caracterizadores da narrativa que se está a escribir na nosa lingua nos primeiros compases do século XXI. En primeiro lugar, cabe sinalar unha certa contracción na dinámica editorial, consecuencia de diversos factores: o impacto xeral da crise económica desatada en 2008 e da posterior pandemia da COVID, a redución de axudas institucionais á edición do libro galego, o auxe das traducións para galego de narrativa de calidade doutras linguas (Editorial Rinoceronte; Biblioteca Compostela de Galaxia, Editorial Hugín e Munín etc.) e a decisión das principais editoras do país de apostar por unha política de publicación máis esixente e restritiva ca antano, isto é, con menos títulos e con autores xa coñecidos ou avalados por algún premio.

Agora ben, ningún trazo do panorama narrativo galego dos primeiros anos do século XXI resulta tan interesante como a potente eclosión da **narrativa de mulleres**, por máis que a propia etiqueta sexa cuestionada e mesmo rexeitada por algunhas das autoras que protagonizan este fenómeno. Dentro dela existen distintas voces, propósitos, estilos e temas, mais é posíbel indicar algunhas características ou notas comúns:

- ▶ o marcado protagonismo feminino;
- ▶ o afán de autoafirmación individual e colectiva e a abordaxe dos diversos modelos de relación (nai-filla, amigas, avoas-netas, amantes etc.);
- ▶ o cuestionamento dos valores patriarcais e dos roles tradicionais;
- ▶ a reivindicación de figuras femininas importantes na historia (Exeria, Xoana de Castro, María Balteira, a Bela Otero, Juana de Vega, Concepción Arenal, Rosalía...);
- ▶ a preferencia por unha narrativa de enfoque sociolóxico e psicolóxico, que comeza a explorar ademais territorios pouco frecuentados na nosa literatura como as doenzas psíquicas (*Dark Butterfly*, de Rexina Vega).

A publicación en 2000 do volume antolóxico *Narradoras* pode servir de marca de referencia neste proceso. A partir desa data, a carón das pioneiras Xohana Torres, M.<sup>a</sup> Xosé Queizán, Margarita Ledo, Úrsula Heinze, Helena Villar, M.<sup>a</sup> Victoria Moreno, Marina Mayoral, Marilar Aleixandre, Luísa Villalta, Teresa Otero, María Gándara, Fina Casalderrey, Marica Campo, M.<sup>a</sup> Xosé Porteiro ou Lupe Gómez si-túanse **novas narradoras** como Rosa Aneiros, Anxos Sumai, Begoña Caamaño, Teresa Moure, María Reimóndez, Uxía Casal, Inma López



Anxos Sumai.



M.<sup>a</sup> Xosé Queizán.

Silva, Eva Moreda, Rexina Vega, An Alfaya, Iolanda Zúñiga, Montse Fajardo, Leticia Costas, Berta Dávila, María López Sánchez, Andrea Maceiras, Mercedes Leobalde, Arantza Portabales, etc.

Finalmente, coa excepcional irrupción serodia dalgúns narradores como **Manuel Portas** (coas novelas *Denso recendo a salgado; Un dedo manchado de tinta; Faneca brava; Amor en alpargatas; Lourenço, xograr; Por puntos; Cadencias* e *Unha cervexa Chang*) e **Manuel Pereira Valcárcel** (con *Traxectos curtos, Días do final* e *Malas cartas*), constátase a aparición nos primeiros lustros do novo milenio dunha nova fornada de narradores novos. Entre eles podemos citar **Agustín Agra, Diego Ameixeiras, Adolfo Caamaño, Roque Cameselle, Francisco Castro, Xesús Constela Doce, Manuel Darrriba, Pedro Feijoo, Marcelino Fernández Mallo, Xesús Fraga, Santiago Lopo, Xesús Manuel Marcos, Xosé Monteagudo, Ramón Nicolás, Manuel Núñez Singala, Alberto Ramos, Mario Regueira, Séchu Sende, Xerardo Quintiá e Xurxo Sierra Veloso.**

Como figuras máis destacadas dentro deste rico panorama pódense sinalar, por orde meramente alfabética:

**Rosa Aneiros** (Meirás-Valdoviño, 1976): É autora de novelas como *Eu de maior quero ser* (1999); *Resistencia* (2002), ambientada no Portugal da ditadura salazarista; *Veu visitarme o mar* (2004), sobre a catástrofe do *Prestige*; *Sol de inverno* (2009), que aborda os horrores da guerra do 36, as amarguras do exilio e as esperanzas abertas pola revolución cubana e o maio do 68 francés; e *Ás de bolboreta* (2009), que ofrece un retrato da sociedade actual a través do cruzamento das vidas de persoas de moi diversa procedencia e problemática. Entre 2013 e 2014 publicou a triloxía de novelas de viaxes *Ámote Leo A.*

**Marcos Calveiro** (Vilagarcía de Arousa, 1968) cultiva a literatura infanto-xuvenil. Dous títulos destacados son *O pintor do sombreiro de malvas* (2010) e *Palabras de auga* (2012). Ten varias novelas, ambientadas en distintos momentos históricos, que o sitúan como unha voz imprescindible das últimas décadas. *Festina lente* (2008) constitúe un retrato da vida cultural dos séculos XVI e XVII na capital de Galiza (artesáns, impresores, a vida gremial, a Inquisición, a construción e a derrota da Armada Invencible). *Settecento* (2010) está ambientada na República de Venecia no século XVIII e nela cóntasenos a vida do músico Antonio Vivaldi. *Fontán* (2015) trata sobre a vida de Domingos Fontán Rodríguez, autor da Carta Xeométrica de Galicia, primeiro mapa realizado en España con métodos matemáticos. Por último, *O xardineiro dos ingleses* (2017) está ambientada no século XX en Vilagarcía de Arousa, onde unha moza de clase baixa coñecerá dous soldados estranxeiros enfrontados (un alemán e un inglés).



Séchu Sende.



Rosa Aneiros.



Marcos Calveiro.

**Ledicia Costas** (Vigo, 1979): Convertida nunha das escritoras máis destacadas e premiadas no panorama da literatura infanto-xuvenil galega dos nosos días, grazas a títulos como *Escarlatina, a cociñeira defunta* e *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, entre outros moitos, publicou *Un animal chamado néboa* (2015), con relatos ambientados na 2ª Guerra Mundial e as novelas *Infamia* (2019) e *Golpes de luz* (2021), que abordan e denuncian desde diversos ángulos a violencia contra as mulleres.



Ledicia Costas.

**Berta Dávila** (Compostela, 1987): Distinguida xa na adolescencia con diversos premios, ten entregado obras de referencia para a narrativa galega dos nosos días como *Bailarei sobre a túa tumba* (2008), os relatos de *A arte do fracaso* (2010), *O derradeiro libro de Emma Olsen* (2015) –protagonizada por unha escritora en fase terminal que desvela terríbeis segredos da súa adolescencia nunha cidade do Medio Oeste norteamericano–, *Carrusel* (2019) –no que unha escritora que padece unha doenza mental fai repaso das súas vivencias persoais e familiares para afrontar e superar as propias pantasma que a teñen bloqueada–, *Illa decepción* (2020) e *Os seres queridos* (2022). En todas elas amosa un estilo transparente, efectivo e cheo de profundas reflexións sobre os afectos, o amor maternal, os espazos que habitamos, a morte, os traumas e sentimentos de culpa, etc.



Inma López Silva.

**Inma López Silva** (Compostela, 1978): Investigadora e crítica teatral, profesora da ESAD, columnista na prensa diaria e autora de diversos libros sobre a muller na sociedade actual, como *Maternosofía* (2014) e *Chámame señora pero trátame coma a un señor* (2018), comezou a súa traxectoria como narradora sendo adolescente, co libro *Rosas, corvos e canción* (2000), ao que logo seguiron *Concubinas* (2002); *Neve en abril* (2005); *Non quero ser Doris Day* (2006); *New York, New York* (2007); *Memoria de cidades sen luz* (2008); *Tinta* (2012); *Aqueles días en que eramos malas* (2016); *O libro da filla* (2020); *Quen non ten un avó fascista?* (2022) e *Escola de mulleres* (2023).



Andrea Maceiras.

**Andrea Maceiras** (A Coruña, 1987): É unha das voces máis destacadas da narrativa xuvenil actual. Comezou a súa traxectoria con *Proxecto bolboreta* en 2007. Recibiu en dúas ocasións o Premio Meiga Moira que concede Baía Edicións, en 2010 por *Violeta Tamurana* e en 2014 por *Miña querida Sherezade*. Ten no seu haber o Jules Verne de 2015, por *Europa Express*, o premio Lazarillo á creación literaria no 2018 e o Merlín de 2020 por *A folla azul*, entre outros galardóns. As súas novelas *O que sei do silencio* (2018) e *Que me pare o corazón se te esquezo* (premio Raíña Lupa 2022) amosan o seu coñecemento da realidade adolescente, achegándonos a problemáticas como o *bullying* ou ás sombras das redes sociais.

**Eva Moreda** (A Veiga, 1981): Traballa como musicóloga no Reino Unido e comezou a publicar precozmente, con tan só dezaseis anos. Entre as súas obras narrativas destacan *O país das bestas* (2009), a novela erótica *Organoloxía* (2010), *A Veiga é como un tempo distinto* (2011) e *Para toda a vida* (2020), novelas estas dúas que retratan as dificultades de adaptación, precariedade e inestabilidade das mozas emigrantes protagonistas, tanto no país de acollida como logo ao seu regreso. Publicou tamén *Rapazas de polar* (2021), protagonizada por un grupo de raparigas nun internado de monxas.



Teresa Moure.

**Teresa Moure** (Monforte, 1969). As súas novelas presentan un claro protagonismo feminino: unha tradutora nai solteira, unha raíña e unha meiga do século XVII, unha parella que reconstrúe a súa identidade sexual, unha feminista soviética etc. Publicou *A xeira das árbores* (Premio Lueiro Rey en 2004), *Herba moura* (Premio Xerais 2005), *Benquerida catástrofe* (2007), *A casa dos Lucarios* (2007), *A intervención* (2010), *Ostrácia* (2015) e *Um elefante no armário* (2017).



María Reimóndez.

**María Reimóndez** (Lugo, 1975): Cooperante e activista dos dereitos humanos e da ecoloxía e destacada feminista, é autora de *O caderno de bitácora. Aventuras espaciais* (2004); *O club da calceta* (2006); *Pirata* (2009); *En vías de extinción* (2012); *Dende o conflito*, que recibiu o Premio Xerais en 2014; *A música dos seres vivos* (2015); *A dúbida* (2016); *As cousas que non queremos oír* (2018); *As estacións do lobo* (2019); *Cobiza* (2021) e *Multitudes* (2023). Nelas atopamos reflexións incisivas sobre a condición feminina na sociedade actual, historias de piratas libérrimas, confrontación cos prexuízos contra o lesbianismo ou o nacionalismo, reivindicacións da sustentabilidade ecolóxica, denuncias do consumismo e a rapina económica globalizada etc. É asemade tradutora de numerosas obras da literatura en lingua inglesa e alemá e cultiva a literatura infanto-xuvenil.



Antonio Riveiro Coello.

**Antonio Riveiro Coello** (Xinzo de Limia, 1964): Logo de editar os seus primeiros textos narrativos na segunda metade dos 90 (*Parque central e outros relatos*; *A historia de Chicho Antela* e *Animalia*), adquiriu sólido prestixio con títulos como *A quinta de Saler* (1999) –en que recupera a peculiar historia do Couto Mixto, na raia seca galaico-portuguesa–, *As rulas de Bakunin* (2000), *Homónima* (2001), *Casas baratas* (2005), *Os ollos de K* (2007), *Laura no deserto* (2011), *Os elefantes de Sokúrov* (2015), *A ferida do vento* (2016) –clara homenaxe a Carlos Casares–, *Á sombra dos bonsais* (2016, microrrelatos), *O paraíso dos inocentes* (2020) –co conflito sirio e a conseguinte crise de refuxiados como pano de fondo– e *Días de intemperie* (2022, relatos).

**Anxos Sumai** (Catoira, 1960): Tradutora, documentalista e escritora, introduciu un sopro de ar fresco na narrativa galega contemporánea abeirándoa aos xeitos expresivos propios da comunicación virtual, onde o dietario persoal e a rutina cotián se mesturan coa ficción e a reflexión, en obras como *Anxos da garda* (2003), *Melodía de días usados* (2005), *Así nacen as baleas* (2007) e *A lúa da colleita* (2013).

## 2. O ensaio nas últimas décadas

O ensaio, xénero que foi inaugurado nas letras galegas antes da Guerra Civil polo grupo *Nós* e retomado na posguerra polo grupo Galaxia, coñece nas últimas décadas do século XX e primeiras do XXI unha etapa especialmente prolífica e fecunda, que está directamente relacionada coa súa virtualidade para a articulación do novo pensamento que os tempos que vivimos esixen. Na produción ensaística galega actual conviven o ensaio propiamente dito (un texto en prosa non ficcional, escrito con propositado estilo literario e que expón de maneira persoal e novidosa ideas orixinais sobre un tema dado) con outro tipo de traballos, tamén en prosa, que se asimilan a el: traballos de divulgación científica e humanística, libros de entrevistas, crónicas, memorias etc.

O ambiente de efervescencia política do tardofranquismo e da chamada Transición provocou nos anos setenta un auxe relativo do ensaio como medio de redefinición da realidade galega, afondando nas circunstancias políticas, culturais e económicas do país. Xa nas décadas dos oitenta e os noventa, conxugáronse distintos factores que produciron unha auténtica eclosión do xénero:

- A aparición ou consolidación de diversas **revistas de análise, debate e pensamento**, que, aínda con focos de interese dispares, comparten unha óptica moderna e regaleguizadora.
- A creación de **coleccións específicas para o xénero ensaístico nas principais editoriais** xeneralistas (Galaxia, Sotelo Blanco, Do Castro, Ir Indo, Xerais, A Nosa Terra, Toxosoutos, Baía...) e a constitución doutras, como Latiovento, que privilexian a publicación de ensaístas galegos e a tradución de obras do mesmo xénero producidas noutras latitudes.
- O **traballo** recompilador e investigador **de diversas institucións culturais** e fundacións como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, o Instituto da Lingua Galega, o Museo do Pobo Galego, o Centro Ramón Piñeiro etc. e a **convocatoria de certames específicos**, como o Ramón Piñeiro, o Carvalho Calero, o Vicente Risco de Ciencias Sociais, o Ánxel Fole etc.

Varias revistas contribúen ao emprego ensaístico do galego: *Encrucillada* (1977), revista de pensamento cristián; *Andaina* (1981) e *Festa da Palabra Silenciada* (1983), ambas de orientación feminista; *Luzes de Galiza* (1985), “revista de liberdades, crítica e cultura”, atenta ás novas formas de expresión artística; *A Trabe de Ouro* (1990), plural nos seus contidos, dentro dunha tendencia nacionalista e de esquerda; *Tempo exterior* (2000), virada para os estudos sobre a actualidade internacional; *Tempos Novos* (1997), concibida como revista mensual de información para o debate; *Unión libre* (1996), que dedica cada un dos seus números a un tema xenérico (paz, negritude, erotismo, antifascismo, indixenismo, memoria histórica...); a cuatrimestral *Murguía* (2003), centrada na divulgación histórica; *Nova Ardentía*, atenta ao estudo e divulgación da cultura marítima e fluvial; *Revista Galega de Educación*, editada por Nova Escola Galega e atenta ás cuestións pedagóxicas; etc. Outras publicacións veteranas, como *Grial*, antes especializadas en temas basicamente culturais e literarios, amplían agora as súas preocupacións aos campos da historia, a socioloxía, o urbanismo, a pedagogía, a economía, a arte e un longo etcétera.



O número 100 da revista *Luzes*.

- A **galeguización de certas esferas universitarias**, que permitiu a formación de novas promocións de estudosos e o desenvolvemento de **liñas de investigación propias sobre Galiza, en idioma galego, nas máis variadas disciplinas**.

Repasamos a seguir, brevemente, as principais orientacións temáticas e os máis destacados títulos e autores do ensaio galego nas últimas décadas:

## O ensaio económico

**Xosé Manuel Beiras Torrado** publica en 1972 *O atraso económico de Galicia*, traballo referencial do ensaio económico no que parte dunha metodoloxía estrutural e alía marxismo e nacionalismo. Un compendio de traballos de variada índole, desde o económico ao político, recóllense no volume *Por unha Galicia liberada*. Os seus discursos parlamentarios, artigos de prensa e outras achegas polémicas recóllense nos libros *Prosas de combate e maldicer*, *O estado da nación* e *A catástrofe do Prestige*.

Outros autores que cultivan o ensaio económico son **Ramón López Suevos**, **Carlos Mella**, **Xoaquín Álvarez Corbacho**, **Camilo Nogueira**, **Xoán Facal**, **Joám Carmona**, **Xavier Vence**, **Xoaquín Fernández Leiceaga** e un cualificado etcétera.




Xosé Manuel Beiras.

## O ensaio político e xurídico

Polo que di á política, son moi diversos os temas que se tratan: a situación internacional vista desde unha óptica galega, o proceso de construción política europea, o trato dado a Galiza nas estruturas do Estado español, os resortes do poder autonómico, a evolución do nacionalismo etc. Algúns dos cultivadores son **Xulio Ríos**, **Carlos Taibo**, **Xosé Luís Barreiro Rivas**, **Camilo Nogueira**, **Carlos Mella**, **Suso de Toro**, **Manuel Veiga**, **Manuel Martínez Barreiro** e **Xoán Hermida**.

## O ensaio histórico

É moi abundante e diversa a produción ensaística e divulgativa en galego sobre Historia, con todas as disciplinas e ramas que engloba, abranguendo o pasado prehistórico, o período medieval, a época moderna e a contemporaneidade. O Ano da Memoria suscitou unha auténtica eclosión bibliográfica centrada en reconstruír os procesos da Segunda República, a guerra civil e a represión franquista na Galiza.



Camilo Nogueira.

A concesión en 2008 a **Justo G. Beramendi** do Premio Nacional de Literatura Ensaística polo traballo *De Provincia a Nación* pode dar medida do altísimo nivel de calidade atinxido non só por este profesor en concreto senón pola ensaística historiográfica galega no seu conxunto, na que destacan nomes como **Xosé Ramón Barreiro Fernández, Francisco Calo Lourido, Carlos Barros, Anselmo López Carreira, Pegerto Saavedra, Ramón Villares, Xosé Manuel Núñez Seixas, Miguel Cabo, Aurora Marco, Carlos Velasco Souto, Uxío-Breogán Diéguez, Prudencio Viveiro, Dionisio Pereira, Ana Romero Masiá, Ramón Máiz, Bernardo Máiz, Xosé Carlos Bermejo** etc.

## O ensaio sociolóxico e psicolóxico

No campo da Socioloxía atopamos obras que se achegan a temáticas tan diversas como a pobreza e a exclusión, o activismo cívico, o papel das elites sociais galegas refractarias ao galeguismo, o impacto na socioloxía do país da marea emigrante, o papel do deporte na sociedade galega etc. Destacan autores como **Xan Bouzada, Santiago González Avión, Santiago Lamas, Afonso Eiré, Julia Varela, Xaime Subiela e Andrés Domínguez Almansa.**

No campo da Psicoloxía e da Psiquiatría cabe mencionar obras como *Espiritados*, de **Emilio González e Marcial Gondar**, *Alén da libido. Do sexo á sexualidade*, de **Domínguez Prieto**, *Transféminas, ou como deconstruír o corpo co martelo*, de **Iria Presedo Martínez** e *Un pozo moi fondo*, de **Iglesias Diz**, que aborda os trastornos da conduta alimentaria.

## O ensaio cultural e artístico

Son moitas as temáticas e os enfoques que acollen os ensaios sobre cultura e arte que se escriben en galego. Entre eles destacamos a historia e rol das institucións culturais históricas galegas máis emblemáticas, como a Academia Galega, as Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos ou a propia Universidade. **Emilio Xosé Ínsua, Elisardo López Varela, Alfonso Mato, Aurora Marco e Ricardo Gurriarán** son algúns dos seus autores.

**Xurxo Borrazás, Xavier Seoane, Antón Figueroa, González Millán, María do Cebreiro, Ramón Nicolás e Armando Requeixo** destacan por centrar as súas obras na dinámica e trazos específicos do sistema literario galego, mentres que o mundo das artes escénicas, a historia do cinema, a reflexión sobre estética, artes plásticas, arquitectura e urbanismo son outros dos temas abordados por autores e autoras como **Laura Tato, Inma López Silva, Antón Patiño, Carlos López Bernárdez, Luísa Villalta, Pedro de Llano** etc.



Ana Romero Masiá.



Xosé Ramón Barreiro.



Luísa Villalta.

## O ensaio didáctico e pedagógico

No campo da Didáctica e da Pedagogía, ademais de traballos de reconstrución da historia desas disciplinas, editáronse ensaios máis específicos. Destacamos *Saudar a vida* de **Xavier Seoane**, no que realiza unha defensa do papel das Humanidades na sociedade do coñecemento. **Antón Costa Rico**, **Narciso de Gabriel** e **Sabela Rivas Barrós** teñen achegado traballos sobre o pensamento pedagógico e a historia escolar galega, mentres que o Seminario de Educación para a Paz, por man de **Xesús R. Jares** e outros, ten editado materiais sobre a tolerancia, a inmigración, o ecopacifismo, os dereitos humanos, a violencia de xénero etc.

## O ensaio lingüístico e sociolingüístico

A problemática historia e a conflictiva situación do idioma galego espertaron o interese dunha parte da intelectualidade galega pola disciplina sociolingüística.

**Ricardo Carballo Calero** publica nos anos 80 e 90 unha ampla serie de traballos recollidos logo en volumes como *Da fala e da escrita*, *Letras Galegas*, *Do galego e da Galiza* e *Umha voz na Galiza*. Tamén ten contribuído de xeito decisivo aos estudos literarios, disciplina na que resulta autoridade por excelencia grazas á súa monumental *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*.

**Xesús Alonso Montero**, autor de reveladores volumes sobre a represión do galego durante a ditadura franquista, foi o iniciador dos estudos sociolingüísticos nos anos 60, con traballos como *O porvir da lingua galega* e *O que cómpre saber da lingua galega*.

**Francisco Rodríguez Sánchez**. Ademais de artigos que avivan o debate xornalístico en torno á causa lingüística, vai ser o seu xa clásico *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia* (1976) o texto que aclare de xeito rigoroso as liñas a seguir para a defensa do galego. Rodríguez concibe o problema lingüístico como fenómeno interaccionado coa problemática política e económica que sofre globalmente o país.

Tamén cultivan o ensaio sobre esta temática autoras e autores como **María Pilar García Negro**, **Juan J. Moralejo Álvarez**, **Ramón Varela Puñal**, **Manuel Portas**, **António Gil Hernández**, **Xosé R. Freixeiro Mato**, **Henrique Monteagudo** etc.

Entrado o século XXI, novas persoas investigadoras teñen feito progresar o desenvolvemento da disciplina sociolingüística entre nós: **Teresa Moure**, **Xosé Manuel Sarille**, **Goretti Sanmartín**, **Manuel**



Xesús Alonso Montero.



Francisco Rodríguez Sánchez.



Goretti Sanmartín.

**Núñez Singala, Carlos Callón** etc. Unha especial relevancia social tivo a publicación de *55 mentiras sobre a lingua galega*, volume editado pola plataforma cívica ProLingua en resposta ás políticas negativas que se comezaron a aplicar contra o noso idioma desde a Xunta na segunda década do século XXI.

## O ensaio teolóxico e filosófico


A partir do Concilio Vaticano II (1962-1965) asístese a unha regaleguización crecente nas capas máis novas da Igrexa, que toman como referente os Movementos Cristiáns de Base fronte á actitude antigaleguista das xerarquías eclesiásticas. Como canle de expresión desta sensibilidade xorden iniciativas como a revista *Encrucillada* (1977), o boletín *Irimia* (1981) ou as Romaxes de Crentes Galegos. Precursor desta actitude foi **Miguel Anxo Araúxo Iglesias**, bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol entre 1970 e 1985. Preocupado pola incorporación do galego á liturxia, publica en 1975 *A fé cristiá ante a cuestión da lingua galega*, á que seguen outras obras.

Dentro deste movemento achamos un grupo de ensaístas notábeis que intentan expresar unha interpretación moderna e inculturada da fe. **Xosé Chao Rego** foi un dos principais impulsores do cristianismo galeguista. Promotor de *Irimia*, as súas inquietudes oriéntano cara ao ensaio teolóxico e antropolóxico-social. Publicou, entre outros, os ensaios *O libro da auga*, *Prisciliano. Profeta contra o poder*, *A condición homosexual* e *A muller, ¡que cale! Raíces do antifeminismo*. Pola súa vez, **Andrés Torres Queiruga**, profesor de Filosofía da Relixión da Universidade de Compostela e director da revista *Encrucillada*, é autor dunha ampla obra ensaística. Destacan tamén neste campo **Francisco Carballo** e **Victorino Pérez Prieto**. Desde unha perspectiva teolóxica feminista foi elaborado o ensaio de **Engracia Vidal** *Por unha Igrexa tamén feminina*. Ofrécennos obras onde tratan sobre a liberdade relixiosa e diferentes credos **Manuel Lamas**, **Roberto G. Rouco** e **González Raposo**.

O ensaio filosófico tamén coñece cultivo na nosa lingua. Podemos destacar as achegas de **Antón Baamonde**, **Francisco Sampedro**, **Basilio Lourenço Fondevila**, **Anxo Rei Ballesteros** e **Rebeca Baceiredo**. A Aula Castelao de Filosofía vén organizando desde 1982 en Pontevedra, con periodicidade anual, unha prestixiosa Semana de Filosofía que ten como obxectivo o debate das máis diversas cuestións relacionadas co pensamento. Froito desa Semana son os volumes colectivos *Globalización e cambio de milenio*, *Filosofía e Xénero*, *Postmodernidade e Poder* e mais *Filosofía e lingua. A loita polas palabras*.



Carlos Callón.



Xosé Chao Rego.




Rebeca Baceiredo.

## O ensaio antropolóxico e etnográfico

Destaca como mestre e iniciador **Marcial Gondar Portasany**. O seu libro *Romeiros do Alén* recibiu o Premio da Crítica na modalidade de ensaio. Outros autores que cultivaron esta temática foron **Ramón Mariño Ferro** e **Xosé Manuel González Reboredo**.

A mitoloxía popular galega foi estudada por **Mar Llinares García**, **Antonio Reigosa**, **Xosé Miranda**, **Xoán R. Cuba** e **Montserrat Varela**, entre outros. **Xavier Castro** e **Fausto Galdo** deitaron atención á historia social da alimentación no noso país. Un ámbito relevante nos últimos anos é o da cultura marítima, onde destacan autores como **Calo Lourido**, **Olegario Sotelo Blanco**, **Dionisio Pereira**, **Luís Rei**, **Santiago Llovo**, **Xavier Brisset**, **Chema Leal**; etc.



Marcial Gondar Portasany.

## O ensaio feminista

A análise da realidade galega a través dunha óptica feminista ten como precursoras a **Teresa Barro** (*Cartas a Rosalía*) e, sobre todo, a **María Xosé Queizán**, figura destacada dentro do movemento feminista galego e coordinadora da revista *Festa da Palabra Silenciada*. Entre as súas obras ensaísticas, deixando á marxe artigos de prensa e traballos publicados en volumes colectivos, cómpre mencionar *A muller en Galicia*, *Recuperemos as mans*, *Evidencias*, *Escrita da certeza*, *Racionalismo político e literario*. *Conciliar as ciencias e as humanidades* e *Anti natura*.

Obras de referencia imprescindible nesta perspectiva son o volume *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, coordinado por **M.ª Xosé Rodríguez Galdo**; o *Dicionario de mulleres galegas*, de **Aurora Marco**; *Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha*, de **Mónica Bar Cendón** e *Feminismos*, de **María Reimóndez** e **Olga Castro**. Outras autoras que teñen abordado desde os anos 80 á actualidade o papel e a imaxe das mulleres en diversas áreas da vida social ou que teñen estudado o desenvolvemento dun discurso feminino reivindicativo son **Carmen Blanco**, **M.ª Xosé Agra Romero**, **Purificación Mayobre**, **Carme Adán**, **Teresa Moure**, **Ana Romero Masiá**, **Chis Oliveira**, **Amada Traba** etc. Por último, debemos mencionar unha serie de autoras que ofrecen reflexións sobre as relacións entre feminismo e literatura, como son **Carmen Blanco**, **Aurora Marco**, **María do Cebreiro Rábade**, **Helena González**, **Teresa Moure** e **M.ª Pilar García Negro**.



Aurora Marco.



Mónica Bar Cendón.

## O ensaio biocientífico e medioambientalista

Probabelmente é o formado por disciplinas como a Medicina, a Bioloxía, a Química, a Física, as Matemáticas etc., o campo en que o desenvolvemento do ensaio en galego presenta aínda un déficit notorio, aínda que non faltan traballos pioneiros nesas áreas, de orientación basicamente divulgativa, como *De Darwin ao ADN* e *Sobre clons e xenos*, de **Daniel Soutullo**; *A ciencia no punto de mira* e *A que altura está o ceo?*, de **Jorge Mira** e *Os dados do reloxeiro*, *Terra. Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo* e *Neurociencia para Julia* (2013), de **Xurxo Mariño**.

Máis cultivado está o ensaio medioambientalista, por mor do traballo de divulgación levado a cabo por entidades ecoloxistas en publicacións como *Cerna*, editada por ADEGA, ou a revista virtual *Cos pés na terra*, promovida por Verdegaiia. Temos nese campo autoras como **Elvira Cienfuegos**, **Teresa Moure** e autores como **Carlos Vales**, **Ramón Varela**, **Xesús Pereiras**, **Francisco Díaz-Fierros** etc.



Elvira Cienfuegos.

## Biografías, Memorias e Conversas

Entre as memorias persoais de figuras moi representativas da vida artística, cultural, literaria e política publicadas nos últimos tempos podemos destacar as de **Neira Vilas**, **Fernández Ferreiro**, **Agustín Fernández Paz**, **Fernando Pérez-Barreiro**, **Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo**, **M.<sup>a</sup> Xosé Queizán** etc.

Por último, baixo a epígrafe *Conversas con...* ou similares, saíron do prelo nos últimos tempos unha mancha de libros que, co exemplo pioneiro de *Unha ducia de galegos* de Víctor F. Freixanes, recollen os testemuños e análises de figuras moi destacadas do noso devir colectivo no plano cultural, político, sindical, económico etc.: Carballo Calero, Ánxel Fole, Fernández del Riego, Antón Tovar, Manuel María, Bernardino Graña, Darío Xoán Cabana, Antón Tovar, Suso de Toro, Francisco Pillado, Xosé Manuel Beiras, Francisco Rodríguez, Camilo Nogueira, Manuel Mera, Chao Rego, Francisco Carballo, Emilio Pérez Touriño, Fermín Penzol, Isaac Díaz Pardo, Antón Reixa...



## 1. Por parellas responde as seguintes cuestións:

- Quen foi a primeira muller que recibiu o Premio Xerais de Novela?
- Con que obra?
- Cales son as constantes do mundo narrativo de Darío Xohán Cabana?
- Que temáticas trata Marica Campo en *Memoria para Xoana*?
- Que autor destaca como cultivador do relato e da ficción científica?
- Cales son os trazos que definen o estilo narrativo de Manuel Rivas?
- Que temática trata Manuel Rivas en dúas das súas principais novelas?
- En que libro está baseada a película *A lingua das bolboretas*?
- En que obras de Suso de Toro destaca o experimentalismo e a aproximación aos personaxes marxinais?
- Que autor destaca por cultivar a narrativa de temática sociolingüística no presente século?
- Que autora recrea aventuras de piratas e a temáticalésbica? En que obra?
- Achega un título de temática medioambiental de cada unha destas autoras: Rosa Aneiros, Teresa Moure e María Reimóndez.
- Cal foi o iniciador do ensaio económico en Galiza?
- Con que obra?
- Que autor representa a alta calidade que ten acadado o ensaio histórico na nosa literatura?
- Que temáticas trata o ensaio cultural e artístico?
- Cales son os grandes autores e autoras do ensaio sociolingüístico galego?
- Que obras escribiu e que temática trata nelas Xosé Chao Rego?
- Cita tres cultivadores do ensaio antropolóxico e etnográfico.
- Cita tres cultivadoras do ensaio feminista.
- Cita tres obras da impulsora máis destacada do ensaio feminista galego.
- Quen son Jorge Mira, Daniel Soutullo e Xurxo Mariño? Coñeces algunha das súas obras?
- Que personaxes coñeces dos que aparecen citados no apartado de memorias.
- Quen é o autor de *Unha ducia de galegos*?

## 2. Indica cales son os principais trazos da dinámica da narrativa galega nas últimas décadas.

## 3. Sinala as principais tendencias da narrativa de xénero e as autoras e autores que as cultivan.

## 4. Dos títulos sinalados no apartado da narrativa de xénero, cales tes lido? Elabora unha pequena ficha sobre a obra (temática, ambientación, estilo, personaxes etc.) e a autora ou autor correspondente.

## 5. Que outras liñas temáticas destacan, ademais da de xénero, na narrativa das últimas décadas?

## 6. Que autoras/es e obras coñeces desas outras liñas temáticas?

## 7. Se leches algunhas desas obras, elabora unha pequena ficha sobre elas e as súas autoras/es.

## 8. Selecciona catro ensaístas das últimas décadas e elabora unha pequena ficha sobre a súa traxectoria intelectual e a súa obra.

## 9. Despois de verdes algunha destas películas: *A lingua das bolboretas*, *O lapis do carpinteiro* ou *Trece badaladas*, e de lerdes as correspondentes obras en que están baseadas, organizade un cinefórum na aula onde analicedes, entre outros aspectos, as diferenzas que existen entre a fita e a obra literaria.

## “O xogo da guerra” (Vento ferido, 1967)

Botaron a sortes e tocoume a min. Eu penso que fixeron trampa, pero calei. Díxome o Rata: “Vai”.

Eu non quería ir, digo a verdade. Pero cando o Rata dicía vai, había que ir. O Rata estaba tolo, segundo a miña nai. Pero eu penso que non estaba tolo, que era atravesado e de mala lei. “Vai”, dixo outra vez. E fun. A casa de don Domingo quedaba lonxe. Algo asó como a dous quilómetros. Tiven que dar un rodeo para non pasar por diante da zapatería do meu pai. Pensei: “escapo para a casa e xa está”. Pero collín medo. Ademais ía calor e na casa no verán non se para coas moscas.

Ceguei ao chalé de don Domingo e berrei:

—¡Zalo...!

Ladraron os cans. Agardei un pouco e volvíñ chamar:

—¡Zalo..!

Cando apareceu, de seguida me dei conta de que viña de durmir a sesta. Díxome: “¿Que pasa!? Eu díxenlle: “O Rata agárdate no río. Cazou unha bolboreta moi bonita. Di que vaias, que cha dá para a colección”. O Zalo era tolo polas bolboretas. E o Rata, que cabrón, cómo lle sabía dar co gusto á xente.

—¿Onde está o Rata?

—No campo da Bomba.

Sáimos correndo. Cando chegamos, o Rata estaba bañándose no río. Ao nos ver, saíu. Mirou ao Zalo con cara de atravesado e díxolle: “Hola, “¿Quieres a bolboreta?”. O Zalo volveuse cara a min como preguntando. A verdade, eu non quería. O Rata asubiu e entre todos botáronse ao Zalo. Espírono e atárono a un amieiro. O Zalo choraba e a min déronme ganas de chorar. Eso non se lle fai a ninguén e menos a traición. O Rata chuspiulle alí, naquel sitio, e chamoulle caguetas. “Non se chora”, dixo. Despois colleu un vimbio e pasoullo polas pernas o pola barriga sen lle dar. Botamos a sortes e tocoume a min. Qui-xen fuxir ou tirarme ao río, pero o Rata miroume así, como mira el, e collín o vimbio. “Veña”- Díxenlle que non. “Mira, Rafael, que te imos atar a ti”. “Non”, “Mira Rafael, que non me enchas”. “Mira Rafael...” Pola voz souben que me ía dicir o da miña nai. Agarrei o vimbio e funme cara ó Zalo. Eu non quería, ben o sabe Deus. E deille no pescozo. Os outros berraron: “¡Máis!” E eu non vía. E daba. E sentía o sol dentro da cabeza e os chíidos do Zalo, que se me espetaban nos ouvidos. E daba. “¡Máis!” Doíame o brazo de tanto subir e baixar. “¡Máis!” Cando mirei para o Zalo gañei medo. Sangraba por todas partes e comía-no as moscas. Estaba como morto. Non falaba. O Rata e os outros fuxiron. Eu tamén fuxín.

Eu non quería, digo a verdade. Díxenllo a aquel señor, pero non me fixeron caso. Tamén lle dixen que fora por sortes, que me tocara a min. Pero non me escoitou. Faloume do inferno e entón calei.

Agora estou neste colexio. Aquí levo un ano. É primavera e non podo saír. Ao mellor saio para xuño. Onte leváronme á sala de castigos. Din que non se pode andar sós, que hai que xogar. Tampouco se pode andar de dous an dous. A puta que os pariu a todos. Eu quero andar só para pensar. A min non me gusta xogar ao fútbol nin ao frontón. Gústame xogar no lavabo. E non se pode. Está prohibido. Pero polas noites, cando todos dormen, érgome e vou aos lavabos e xogo á guerra. Polo día collo moscas e gárdoas nunha caixa de mistos. Pola noite meto as moscas na pileta e ábrolle á billa, pouquiño a pouco, paseniño. As moscas soben, foxen pola pileta enriba, pero eu doulles para abaixo cunha palliña e afogan. É a guerra. Un día colléronme e leváronme á sala de castigos. E chamáronme marrán por andar coas moscas nas mans. ¿E que? Se non fose pola guerra, podrecía de noxo. No inverno, como non había moscas, xogaba cos cachiños de papel, pero non é tan bonito.

Para xullo din que saio. O Rata, ao mellor, pensa que me esquecín. Estache bon. Estache bon. Heino arranxar ben arranxado. El ha pensar que somos amigos. Estache bon ¡Ai, Rata! “¿Vés ao río?” El vén, que lle gusta moito. “¿Xogamos aos submarinos?” El xoga, que lle gusta moito xogar aos submarinos. Primeiro paso eu. Paso dúas ou tres veces. Despois que pase el. Eu escarránchome e el pasa por debaixo da auga entre as miñas pernas. E así dúas ou tres veces, para que se confíe. Pouquiño a pouco. Paseniño. E entón, hala, cando pase, pecho as pernas e queda preso polo pescozo. Pouquiño a pouco. Paseño. Como as moscas da pileta.

Carlos Casares

1. Analiza os seguintes aspectos: a modalidade narrativa, o tempo interno do relato, o tipo de personaxes, o estilo, o tema e o seu tratamento.
2. Cres que podemos clasificar este relato dentro da Nova Narrativa Galega. Despois de consultar na unidade 14 as súas características, sinala aquelas que podemos atopar en *O xogo da guerra*.

## A lingua das bolboretas (fragmento)

Foi a miña nai a que tomou a iniciativa aqueles días. Unha mañá fixo que o meu pai se arregrara ben e levouno con ela á misa. Cando voltaron, díxome: “Veña, Moncho, vas vir connosco á alameda”. Tróuxome a roupa de festa e, mentres me axudaba a anoar a gravata, díxome en voz moi grave: “Recorda isto, Moncho. Papá non era republicano. Papá non era amigo do alcalde. Papá non falaba mal dos curas. E outra cousa moi importante, Moncho. Papá non lle regalou un traxe ao mestre”.

“Si que llo regalou”.

“Non, Moncho. Non llo regalou. ¿Entendiches ben? ¡Non llo regalou!”.

“Non, mamá, non llo regalou”.

Había moita xente na Alameda, toda con roupa de domingo. Baixaran tamén algúns grupos das aldeas, mulleres enloitadas, paisanos vellos de chaleco e sombreiro, nenos con aire asustado, precedidos por algúns homes con camisa azul e pistola ao cinto. Dúas fileiras de soldados abrían un corredor desde a escalinata do concello ata uns camións con remolque atoldado, como os que se usaban para transportar o gando na feira grande. Pero na alameda non había o balbordo das feiras senón un silencio grave, de Semana Santa. A xente non se saudaba. Nin sequera parecían recoñecerse os uns aos outros. Toda a atención estaba posta na fachada do concello.

Un garda entreabriu a porta e percorreu o xentío coa mirada. Logo abriu de todo e fixo un aceno co brazo. Da boca escura do edificio, escoltados por outros gardas, saíron os detidos, ían atados de mans e pés, en silente cordada. Dalgúns non sabía o nome, pero coñecía todos aqueles rostros. O alcalde, os dos sindicatos, o bibliotecario do ateneo Resplandor Obreiro, Charli, o vocalista da orquestra Sol e Vida, o canteiro a quen chamaban Hércules, pai de Dombodán... E ao cabo da cordada, chepudo e feo como un sapo, o mestre.

Escoitáronse algunhas ordes e berros illados que resoaron na Alameda como petardos. Pouco a pouco, da multitude foi saíndo un ruxe-ruxe que acabou imitando aqueles alcumes.

“¡Traidores! ¡Criminais! ¡Roxos!”

Manuel Rivas

1. Que escena relata o narrador-protagonista?
2. Localiza no texto os recursos de que se vale Manuel Rivas para dotar de lirismo a súa narrativa mesmo en fragmentos de temática tan dramática como este.

## A soga

A soga, o último recurso.

Acariciou coas mans a súa lonxitude. Baixo a áspera tona o esparto agochaba unha promesa de liberdade. Fixo un nó corredío, probou o seu contacto coa pel, dunha sequidade que suxería outras peles escamosas, enguedellar o corpo nun co dunha cobra. Con outros corpos, antes de ingresar aquí.

A soga fala linguaxes distintas, prende ou ceiba, ata ou abre fiestras cara a outro lugar, fóra deste obtuso cárcere, deste claustro, círculo sen fin. É a derradeira esperanza, a elección cando nada queda por escoller.

Nas longas noites dubidara, soñando coas súas espirais incitantes, mentres a sogá se ofrecía e se negaba, nun intre a carón da man, no seguinte inalcanzable.

¿Termaría o barrote do seu corpo? Era preciso que aguantase durante un curto tempo. ¿Ou cedería, arrebolándoa no chan, os ósos escachados, sen conseguir o seu obxectivo? ¿E ela, sería quen de facelo? ¿Ou botaríase atrás no último momento?

Apertou a sogá, o único que tiña, o camiño retorto cara ao outro lado, un lugar incerto, descoñecido, mais que poñería fin a este desacougo.

Na escuridade da cela, a sogá enrodelada como un animal antigo, unha besta do seu país, de cego propósito, ignorante da súa mordedura letal, agarda en silencio a madrugada. A noite escoa lentamente cara a outro meridiano, quizais cara ao lado da sogá que permanece na sombra.

A novicia asegurou o nó, contemplouno durante un intre, porta dun mundo distinto, e despois entrou nel.

Marilar Aleixandre

### Un caso de licantrópía

Conforme pasaban os minutos, a insolencia daquel alumno ía en aumento. Xa non se trataba só do seu ostentoso desprezo ás explicacións que o profesor, con paciencia infinita, repetía unha e outra vez. O peor era que, ademais, o mozo tentaba atraer a atención dos seus compañeiros cos máis variados procedementos e, por qué non dicilo, cun éxito cada vez maior.

Atentos como estaban ás impertinencias do seu compañeiro, os alumnos non se decataron das transformacións mínimas que anunciaban o desastre: o medre desmesurado das uñas, as grosas serdas que apareceron na pel, o sangue coloreando os ollos, os cairos afiados que asomaban por entre uns labios anormalmente inchados, a desfeita nas costuras da chaqueta e o pantalón...

Cando foron conscientes do que ocorría, era xa demasiado tarde. Algúns aínda tiveron un tempo fugaz para pensar en balas de prata e en cruces invertidas, e na ausencia da lúa chea, máis evidente naquela mañá de primavera, e noutras inútiles fantasías cinematográficas, tan afastadas do rutineiro mobiliario escolar que os rodeaba.

Así de terribles e inagardados son algúns fenómenos de licantrópía.

Agustín Fernández Paz

1. Estes dous microrrelatos utilizan un recurso narrativo que consiste en crear unha falsa expectativa. Explica como se consegue en cada caso.
2. Sinala outras tres coincidencias nas características narrativas de ambos textos
3. Indica o tema que subxace en cada un.

### En vías de extinción (fragmento)

Ben, como ía dicindo, entre as masas urbanitas dáse o fenómeno de tentar convencerse de que a morte non existe, algo que non é para nada posible, ademais de ser irrisorio. Cada día, da mañá á noite atórrannos as imaxes dun mundo sen morte, un mundo de persoas novas e sen tacha, dun mundo de anuncios de colgate, dun mundo libre de sangue e vísceras compensado por asasinatos televisivos por onde quer, logo a quen lle sorprende que as masas urbanitas non sexan capaces de aceptar a auténtica desfeita que é a vida, a dor, a enfermidade, os agravios. Mais sobre todo a morte, o gran tótem, o gran tabú. Para as persoas coma min que somos de monte, si digo de monte con énfase e sen complexos porque para min non hai nada máis positivo, este fenómeno non deixa de chamarnos poderosamente a atención. Con todos os meus respectos, amigo, vai vostede tamén a facerse vello e morrer, por moito

que os anuncios antiengurras e as dietas medicinais e ximnasia semellen dicir o contrario. Mesmo dentro de pouco facerse vello será un tabú social. Xa non se ven persoas maiores na tele, nin nos medios e as imaxes crean sociedades. Por desgraza cada vez máis pobres.[...] Aprendan de nós, a xente do monte, a escoitar ouvear os cans e os lobos. Se non se preparan para morrer, ao final do día, cada día, se non senten ese alento baleiro e aterrador de deixar a vida, se non se afán a el, o día que a morte chegue vestida de escuridade, de nada lles van valer as súas escusas, as súas películas baleiras, os seus bótox, escapadas de fin de semana e industria do entretemento ou leas amorosas. Aí estarán soas e sós e con esa obsesión de permanencia, paradoxalmente, non deixarán tras de si máis que un par de crianzas e unha morea enorme de lixo non reciclable: casa, coche, millóns de prendas de roupa de Zara de cada estación e pouco máis.

María Reimóndez

1. Este fragmento, aínda que pertence a unha novela, non é un texto propiamente narrativo. Indica a que xénero literario parece corresponder. Xustifica a resposta.
2. Pescuda na unidade que característica da narrativa actual se corresponde co trazo sinalado no anterior exercicio. Indica outras que tamén poidamos atopar nel.
3. Escribe tres enunciados que sintetizen as principais ideas do texto.

## Claustrofobia

Cando María colleu a chave da cómoda que o seu home levaba sempre colgada do pescozo e se dispuxo a abri-la, non pretendía buscar nada en concreto, nin sequera unha nova caricia que lle chegase a través dos segredos atrapados no moble do soto. Tampouco procuraba sorpresas. O único que quería era facer limpeza, só iso. Abriu os caixóns e atopou pequenas cousas que para ela non tiñan ningún interese: cadernos nos que o seu marido anotara durante algún tempo os gastos da casa e as datas de defunción de familiares e amigos: iso sorprendeuna un pouco, porque o seu home nunca acudía a un enterro e evitaba pasar por diante dos cemiterios. Resultoulle inqueda descubrir algo novo del cando xa levaba case un mes enterrado.

Na cómoda había libros vellos, fotos de persoas que non conseguía recoñecer, restos de obxectos indefinidos aos que malamente podía apoñerlle un uso concreto. Chaves, carabuñas de froitas. Sobres con sementes de plantas para o xardín, coches de xoguete..., un mundo que María, sen prestarlle moita atención para non caer na nostalgia, guindaba nunha gran bolsa de lixo. O último caixón, a rentes do chan e coa madeira cribada pola traza, estaba cheo de recortes de xornais. Tampouco parou a miralos, máis preocupada polas vaíñas dos bechos e polo po que polo que dicían os papeis. Pero, por máis indiferente que quixese ser, unha palabra quedoulle na cabeza despois de envorcar o contido do caixón na bolsa de plástico: Kursk.

Se o seu home non estivese morto, ela non ousaría cometer semellante sacrilexio e arrebatarlle todo o que gardaba naquela cómoda. Por un momento pensou que quizais aquela quincallada, aqueles papeis amarelados podían significar algo para el. Quizais fosen áncoras para as súas lembranzas, quizais fosen algún soño perdido ou algún pesadelo co que se enfrontaba cada vez que se pechaba no soto, aínda que nos últimos anos facía o imposible por permanecer fóra da casa, con calquera desculpa: reparar o valo, podar as árbores, regar a horta, facer correr ao can porque estaba engordando de máis... Que sabería María do que significaba aquela cómoda para el!

Escorrentou a dúbida coa afirmación de que todo o que alí había só eran cousas inútiles e sentiuse mellor. Pechou a bolsa de plástico e deixouna no xardín, á espera de botala á tardiña no colector do lixo. Era aínda medio día, e o sol de primavera acariñaba a floración das plantas que el sementara poucos días antes de que lle dese o infarto. Nun recanto do corral ficaban pousados os trebellos que el usaba para os labores da terra. Debaixo da maceira, agardaban a mesa e a cadeira que el instalara alí para ler e mesmo para xantar ou monear cando o tempo era agradable. María sentou na cadeira e mirou a casa. Non podía entender por que lle custaba tanto, dende meses antes do infarto, que el entrase. Era unha

vivenda pequerrecha, dun só andar e, alí sentada, pareceulle que se ía derrubar, esmagada polo tellado e abafada polas hedras que a rodeaban. Lembrou, daquela, algo que lle dicía el cando polas noites non podía durmir: “É que non me chega o aire, María”.

Iso ela sabía, que nunca tiña aire dabondo. Pasáballe dende que un día quedara atrapado no desaugadoiro da fábrica. Traballaba nunha fábrica de cerámica e o tubo de gres, co caolín, o barro e cos cascallos que arrastraba a auga de amasar a pasta, atorábase ás veces e tocáballe a el, por ser o encargado de mantemento, límpalo. Normalmente, desatorábase desfacendo os grumos cun pao e arrastrándoos cun angazo. Pero houbo unha vez en que tivo que gatear por dentro daquel espazo cilíndrico no que apenas cabía, e el era un home miúdo, cativo de corpo. Foi o peor día da súa vida. Metido no tubo acorou e houbo que romper o gres a marteladas ou morría. Cando o sacaron tremía coma unha corra.

Posuído por un ataque de pánico, comezou a ver tubos que o apreixaban por todos lados e bateu a puñadas contra os compañeiros que intentaban acougalo. Nunca máis puido entrar na fábrica e, dende entón, pediu traballar na carga dos camións que transportaban a cerámica ou na descarga dos que chegaban ateigados de caolín.

Iso ela sabía. E entón aquela palabra, que lle quedou na cabeza despois de baleirar o caixón da cómoda, significou algo para ela. Ergueuse e foi renqueando –porque María xa pasaba dos sesenta anos– na procura da bolsa do lixo. Abriu e botou fóra todos os papeis. Anicada no chan, cunha man termando do cadril dereito, soubo o que aquela palabra significaba: tratábase do K-141 Kurks, un submarino da Armada de Rusia que afundira no mar de Barents. Suspirou e arramplou cos papeis ata a mesa baixo a maceira. Leu ao chou calquera papel e decatouse de que o seu home recollera as noticias da traxedia dende o día 12 de agosto do ano 2000 ata o último cabodano dos soldados afogados: o 12 de outubro de 2009. Ela non recordaba esa desgraza coa precisión coa que parecía retela o seu home. Pero o que si lembrou foi que cando deron a noticia na televisión estaban sentados na sala. 118 mariñeiros atrapados nas profundidades do mar de Barents. Nun tubo no fondo do mar Barents. O peor dos pesadelos para o seu home. Daquela el ergueuse do sofá e comezou a bater contra o aire na procura de máis aire, mentres berraba que o sacasen dunha puta vez daquel tubo. Que non respiraba. Que o comera un bichoco enorme. Que afogaba porque un bichoco enorme lle esmagaba os pulmóns. Acoraba, morría. E entón caeu ao chan, coa boca escumando sobre as baldosas de gres.

Que sabería María do que viu o seu home xusto antes de erguerse aterrado do sillón! Ela pode imaxinalo agora, sentada na cadeira e remexendo nos anacos de xornais. Ela pode intuír agora, porque sabe do terror que o seu home pasou no desaugadoiro da fábrica, que o que viu el foron as bocas dos mariñeiros do Kursk buscando aire. Aínda que non os coñecese de nada, o seu home viu todas as caras, as 118 bocas, unha detrás da outra. El que non podía aturar o peso do teito sobre si mesmo e nunca durmía ás escuras porque era espertar a media noite e pensar que estaba soterrado nun ataúde de ferro debaixo de dous metros de terra, vía que o que tanto medo lle metía podía acontecer na realidade. E foi durante un tempo un dos mariñeiros rusos buscando aire na auga.

María dedicoulle toda a tarde ao barullo de recortes de xornal. Decidiu ordenalos por orde cronolóxica, porque seguramente así os tiña ordenados o seu home antes de que ela os guindase ao lixo anoxada polo po e os bechos. Cando os tivo ordenados volveu lelos e atopou toda a información que o seu home conseguira da prensa dende o primeiro día: informacións sobre o rescate, descrições do accidente e da agonía dos soldados, denuncias dos familiares contra a Armada e o goberno de Rusia, as impresións dos mergulladores cando atoparon os primeiros cadáveres, os cabodanos e as flores de 2001, 2002, 2003, 2004, 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009. María, apreixada polo terror do seu home, arfo angustiada debaixo da maceira. E mesmo lle doe a maneira en que ciscara ao lixo, coma quen cisca unha morea de cascallos molestos, a intimidade do seu home.

Pero o peor para María –despois de ler dúcias de informacións sobre o submarino e de acabar atopándolle sentido a certos obxectos rotos, e mesmo despois de recoñecer a xente que aparecía fotografada nos caixóns da cómoda– foi atopar unhas notas manuscritas nas marxes dun xornal. Eran apuntamentos do que parecía ía ser unha carta máis longa, e nos que o seu home insistía nun desexo: “Cando

morra, non me enterres”, “María, quero que me incineres e me cisques pola horta”, “Non me deixes dentro dun nicho”... Era a letra del, insegura, case infantil, debuxada aínda cos trazos dos cadernos de caligrafía.

María ficou lívida como quen perde a vida.

Porque María enterrou o seu home, con toda a tristeza da separación e da soedade futura, no segundo nicho dun panteón vertical no cemiterio da parroquia, un lugar con garantía de sol todo o ano, onde ela pensaba que ía estar ben a gusto. María, conmocionada, mentres acariñaba inconsciente as chaves da cómoda que el levara sempre colgadas do pescozo, as chaves do seu terror, imaxinouno coa boca aberta apegada á tapa do cadaleito, coma un mariñeiro que procura osíxeno debaixo da auga. Dentro dun submarino ruso. No fondo do mar de Barents.

Anxos Sumai

## Ser galego hoxe

O concepto de nación ten a orixe na Revolución francesa, cando xorden os estados nacionais; oponse á sociedade estamental formada polo clero, a nobreza e un terceiro Estado: a xente do común, non privilexiada; o pobo sostén co seu traballo a sociedade. Único merecente de constituír unha nación, o pobo é depositario da soberanía nacional: rexeita o feudalismo e as monarquías absolutas. A época moderna realizou unha substitución: o monarca desaparece e o territorio convértese en referencia cunha nova idea: a nación.

Fronte a ese concepto progresista e mesmo revolucionario de nación deita en Alemaña unha idea conservadora, por veces reaccionaria. O romanticismo teutónico tende a unha concepción de nación menos política e máis cultural; o concepto de Volkgeist ou alma colectiva do pobo, con atención preferente ao idioma e á cultura popular.

Resultando a palabra nación equívoca, botouse man do termo etnia, que significa ‘pobo, nación’ e nada ten que ver con raza. Alonso del Real asegura: “Ninguén pode negar que existe unha etnia galega. Isto é, un pobo que reúne un conxunto de trazos comúns (cara a dentro) e diferenciais (cara a fóra). A lingua –e incluso o modo de utilizar a súa segunda lingua–, moitos aspectos afectivos, certos matices intelectuais, costumes e crenzas sobre todo –e isto é decisivo–, unha moi clara conciencia do “nós”; do nosoutros engadimos. Pensamos que etnia e nación son conceptos complementarios e que non hai que contrapoñer ou silenciar. Outra palabra grega –ethos– significa o chan que se pisa. De aí procede ética e o compromiso ético resulta necesario e auxiliar de etnia.

Xosé Chao Rego